

# Programación Docente de LINGUAXES E TÉCNICAS DA MÚSICA CONTEMPORÁNEA II

Ensinanzas Superiores de Música Título Superior de Música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

## 1. Identificación e contextualización

### DISCIPLINALINGUAXES E TÉCNICAS DA MÚSICA

ESPECIALIDADE	COMPOSICIÓN								ITINERARIO	TODOS
CARÁCTER	C) Optativa								TIPO DE CLASES	Colectiva
DEPARTAMENTO	COMPOSICIÓN								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	D. José Antonio Cantal Mariño
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	D. José Antonio Cantal Mariño
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase	1
ETCS/ CUADRIMESTRE						3			Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	D. Jacobo Gaspar Grandal				xacobegaspar@edu.xunta.es				Martes - 19 h.	

## 2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Desenvolvemento de habilidades e adquisición de coñecementos que faciliten ao alumno a percepción, a creación, a interpretación, a reflexión e a documentación no que se refire á creación musical dos séculos XX e XXI. Asimilación e práctica das principais teorías sobre a organización sonora da música contemporánea. Estudo das principais técnicas e métodos referidos á organización das alturas, á construción rítmica e melódica, á creación de texturas, á concepción do timbre, ao plantexamento i estruturación formal así como ao proceso compositivo mesmo das obras musicais pertencentes ao repertorio contemporáneo.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Análise I-IV; Análise aplicada á musicoloxía I-IV.
TRANSVERSAIS	T1, T2, T4, T7, T8, T10
XERAIS	X1, X3, X10, X11, X12, X13, X15, X17
ESPECÍFICAS	E2

## 3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Coñecer a evolución da linguaxe así como as principais técnicas compositivas da música contemporánea.	T1, 4, 7, X1, 11, 13, 15, 17, E2
2. Coñecer os fundamentos estéticos e estilísticos dos principais compositores, escolas e tendencias da creación musical contemporánea.	T1, 4, 7, 8, X1, 10, 12, 13
3. Fomentar o interese pola creación musical artística actual, así como polo seu estudo e interpretación.	T2, 8, 10, X10
4. Relacionar as linguaxes e técnicas estudadas co seu resultado sonoro.	X12
5. Coñecer as relación existentes entre a creación musical contemporánea e outras disciplinas do pensamento científico e humanístico.	T1, 8, X1

## 4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A música dende 1950 ata a actualidade.	1.1. Periodificación - 1.2. Principais transformacións nos diferentes parámetros da linguaxe musical.	2
2. Correntes estilísticas dende 1950 ata a actualidade. Linguaxes e técnicas.	2.1. Vanguardas seriais e vangardas non seriais. - 2.2. Composición algorítmica - 2.3. Espectralismo. - 2.4. Música concreta instrumental. - 2.5. Música electroacústica.	6
3. Tendencias da creación actual.	3.1. A transformación do sonido instrumental. - 3.2. Música saturada. - 3.3. Propostas interculturais e intertextuais	6
4. A creación musical galega e española no contexto actual.	4.1. Música galega actual - 4.2. Música española actual	3
Total de sesións por cuadrimestre		17

## 5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRIPCIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases prácticas	17		17
Avaliacións	2		2
Realización de traballos		71	71
Total de horas por cuadrimestre			90

## 6. Avaliación



FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>ORDINARIA</b>			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Traballo	Hai dúas modalidades de traballo. A: traballo teórico sobre algún contido do currículo. Este traballo deberá expoñerse na clase. B: traballo de composición nalgún dos estilos tratados tomando como orgánico de referencia algún que sexa asumible polos alumnos matriculados na materia. Esta obra será interpretada na aula. O alumno compositor realizará tamén unha breve exposición sobre o proceso de composición da mesma. As exposicións, tanto do traballo tipo A como do tipo B, terán unha duración aproximada de 15 minutos.	Todas	70%
Participación na clase		Todas	30%
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
Traballo	Ver criterios de avaliación ordinaria	Todas	20%
Exame		Todas	80%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
Traballo	Ver criterios de avaliación ordinaria	Todas	20%
Exame		Todas	80%
<b>EXTRAORDINARIA</b>			
Traballo	Ver criterios de avaliación ordinaria	Todas	20%
Exame		Todas	80%
<b>ERASMUS</b>			
Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.			
Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.			
<b>7. Alumnado con necesidades educativas especiais</b>			
<b>DESCRICIÓN</b>		<b>CRITERIOS E PAUTAS</b>	
No marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, deberán cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.		Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.	
<b>8. Bibliografía, materiais e documentos</b>			
Dibelius, Ulrich: La música contemporánea a par tir de 1945. Ed. Akal. Downs, Phillip G. La música clásica. Madrid: Akal, 1998. Lester, Joel. Enfoques analíticos de la música del siglo XX. Ed: Akal. Michels, Ulrich: Atlas de Música, vols. I e II. Ed. Alianza, 1982. Michels, Ulrich. Atlas de Música, vols. I e II. Ed. Alianza, 1982. Morgan, Robert P. La música del siglo XX. Ed: Akal.			